

## Aloumiños e demais agarimos

Cada mañá, os antepasados marchan descalzos para non espertarnos, como un último xesto de amor. Eu nunca os coñecín en persoa, pero iso non me fixo falta para collerlles cariño, xa que eles andaban ao meu redor e notaba como me acariñaban o cabelo e me daban aloumiños cando me atopaba mal ata que me durmira. Non sei cal era a aparencia dos meus antepasados, pero tanto me ten o non velos, porque eu síntoos, aí, ao meu carón. Tamén noto cando marchan, e toda a habitación queda fría, sen vida, e ata podería dicir que sen alegría. Cando me deixan, non o escoito, pero seino porque xa non podo durmir máis, síntome intranquila, como se de repente todos os meus problemas quixeran atormentarme ao mesmo momento.

É incríbel como, ás veces, unhas pantasma poden reconfortarnos máis que as propias persoas.

Lucía Fernández Gándara 4ºA